



A poeta e xornalista palestina Fatena Al Ghorra exiliouse primeiro en Exipto, e máis recentemente en Bélxica, logo de traballar durante anos en Gaza nos medios de comunicación e defendendo os dereitos da muller.

Ten publicados cinco libros de poesía, dous dos cales foron ademais traducidos a diversas linguas coma o castelán, o italiano, o francés e o holandés. O quinto e último até a data será lanzado proximamente, nesta lingua neerlandesa, tanto en Bélxica coma nos Países Baixos.

A súa obra aparece representada en antoloxías como *Cinquenta anos de poetas palestinos*. No ano 2012 gañou o premio El Hizra para poetas neerlandeses de distintas orixes, e no 2016 o seu libro *As traicións de deus* foi galardoado en Roma como o mellor libro árabe traducido ao italiano.

Logo dunha carreira na televisión en Gaza, na actualidade desempeñase como xornalista *freelance* para Al Jazeera, conferenciante, recitadora, e organizadora dun proxecto poético chamado "O salón poético de Fatena" que se desenvolve entre Flandres e Holanda. Ten participado en innúmeros festivais internacionais de poesía e relevantes encontros poéticos por todo o mundo, e nos últimos tempos colabora coa Oficina de Asuntos Educacionais e Culturais do Ministerio de Asuntos Exteriores dos EE.UU.

ACASO

*Busco os meus propios pés
Acaso comprounos a ausencia ou pousaron na á dunha cega bolboreta?
Os meus propios pés desexan poder correr sen pés
de detrás dunhas xanelas non pisadas polos cantos
que o vento espallara nun día viscoso
atopando unha lingua que espera
e pide, aos que pasan, un intre de acaso
Meu Deus, onde queda a túa casa verdadeira?*

*Se cadra, de ter sido eu El, teríame respondido
É a resposta outro baleiro
que fura os pés camiñando cara min*

*Se eu fose el...
advertiríanme da culpa que crear implica
Se eu fose Todo, calzaría a pregunta
nun leito de palla tería descansado
e daría conformado unha outra creación*

*Se eu fose el...
tería buscado acubillo nas pestanas de Magdalena
e dividido o sono e o sal do perdón
Se eu fose el...
daríame encontrado os pés!*



(FATENA AL GHORRA)

Luns **22** de xaneiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

Poetas Di(n)versos 2018

María Xosé
Queizán





A viguesa María Xosé Queizán é unha escritora polígrafa, directora da revista "Festa da palabra" por tres décadas dende 1963, e unha das pensadoras feministas máis relevantes de todo o estado, principal referente en Galicia.

Constituindo unha das escritoras máis consagradas da literatura galega actual, a súa obra abrangue narrativa, teatro, ensaio, contos, tradución, artigos e poesía. Fixo parte da chamada Nova narrativa galega, inaugurando a súa faceta de novelista en 1965 con *A orella no buraco*, ao que seguirían outros nove títulos, un volume de relatos, unha biografía de Emilia Pardo Bazán e mais traducións desta última ou de Marguerite Yourcenar. Moi activa no teatro, sobre todo nos seus comezos, froito desta actividade son catro pezas dramáticas entre as que salienta *Antígona, a forza do sangue* (1991), finalista do Premio Álvaro Cunqueiro.

Na poesía protagonizou un comezo tan serodio como fulgurante, inaugurando a editorial Espiral Maior no ano 1991 con *Metáfora da metáfora*. Logo virían *Despertar das amantes* (1993), *Fóra de min* (1995), *Non o abras como unha flor* (2004) e *Cólera* (2007). É ademais autora de dez importantes volumes de ensaio nos que salienta con forza a perspectiva de xénero. Nomeada Socia de Honra da AELG en 1998, Queizán recibiu o Premio Voz da Liberdade do PEN Club en 2011, o Premio Irmandade do Libro en 2013 e o Premio da Cultura Galega en 2016.

NA BOCA UN MEXILLÓN

*Marea alta, audacia nas bateas.
Un mexillón na boca fai correr o atlántico polas veas
e deixa o pasado na memoria*

*Vigo, redes nas gamelas, crianzas nas cestas, rillotes no peirao.
As Cíes moderan as garras das ondas, cando tigres
alancando en treboada sobre rúas retortas,
deseñadas por grises congros fuxidíos,
Peñasco, Peixe, Anguía, Calexón, Bote, Pescadores,
rebelión de laxes fendidas por pés traballados,
feridas rebozadas na area,
rexos mariñeiros agarrando a existencia
- devorado o sol polo Cabalo de Fóra -
reman folgos rinchando sobre a ardora
soñando con mareas de fartura.*

*As carretonas soben como velas empenadas,
grávidas de sardiñas,
patelas sobre rodela de algas na cabeza, enfeito,
do Berbés a enerxía,
rogando peixe, abrindo rutas de argazos no rural.
marcando coas dedas o futuro, pedra a pedra,
pousadoiros para coller folgos. Na casa agardan bocas.*

As avoas, amigas de Mendiño, bañábanse nas ondas da incerteza.

Poetas Di(n)versos 2018



(MARÍA XOSÉ QUEIZÁN)

Luns 22 de xaneiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Fatena
Al Ghorra

